

Convocatoria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía para o día 20 de outubro de 2021.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, e á vista dos expedientes de competencia da dita comisión que constan con proposta de resolución nesta Secretaría Xeral, propono que pola Presidencia da comisión, se dite a seguinte resolución:

Convocar a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Economía en sesión **ordinaria**, para o **día 20 de outubro de 2021**, ás 17.30 horas, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2021/50A/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de setembro de 2021.

2. 2021/13119N

Dación de conta do acordo da Xunta de Goberno de fixación de prezos públicos de 7 publicacións feitas dentro do Plan de Publicacións do exercicio 2021.

3. 2021/13111J PRESIDENCIA

Delegación na Deputación Provincial de Ourense do exercicio das competencias de recadación en vía executiva da taxa polo abastecemento de auga do Concello de Carballeda de Valdeorras (núcleos de Sobradelo e A Medua).

4. 2021/12644Y PRESIDENCIA

Modificación da vixente Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense, no referente ás tarifas dos anexos I e II.

5. 2021/14322M PRESIDENCIA

Expediente de modificación das bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, n.º 9/2021.

6. MOCIÓN DE URXENCIA.

7. ROGOS E PREGUNTAS.